



REDONDELA

A literatura e a fidalgura do viño

A chegada a Redondela pode facerse cruzando o núcleo de Cesantes ou seguindo a estrada N-550, que se sobrepón á Vía XIX e ao camiño carreteiro a Valga. Se se baixa por Cesantes teremos fermosas vistas da histórica enseada de San Simón, testemuña de batallas navais e os horrores da Guerra Civil, cantada por trobadores medievais e onde Xulio Verne sitúa o episodio do tesouro submarino da súa novela "20.000 leguas de viaxe submarina". Hoxe, unha estatua dedicada ao Capitán Nemo lembra o famoso relato. Para coñecer a historia naval de Redondela cómpre visitar o Museo MEIRANDE, centro de interpretación da batalla e do patrimonio cultural de Rande.

Redondela, vila famosa polos seus viadutos ferroviarios ou pola celebración do Corpus Christi (coa súa festa da Coça e a danza de espadas) entre outros, conta con diferentes atractivos culturais e turísticos como unha visita ao fantástico miradoiro do Campo da Rata e o seu famoso banco dende o que contemplar unha das mellores vistas sobre a ría de Vigo e a Península do Morrazo. Pero o noso itinerario fará parada e fonda na quinta adega da nosa IXP, a adega Reboraina, situada na rúa da Igrexa, na parroquia de Santa María de Reborada.

Na adega Reboraina prodúcense os viños *100 Polas* (Godello) e *Reboraina* (Albariño) e conta cunha superficie vitícola de catro hectáreas de viñedos pertencentes á mesma familia dende o século XIX. Os viñedos están destinados a cepas das variedades Albariño e uva Godello. Nesta adega o visitante non só poderá contemplar os seus viñedos, o predio do señorial pazo onde se localiza a adega ou a igrexa parroquial anexa, senón que poderá gozar dos seus caldos no típico furancho que abren cada ano no tempo estival. O pazo de Reboraina foi inmortalizado polo ilustre escritor galego Otero Pedrayo na súa derradeira novela *O señorito da Reboraina* (1960), baseada na vida do fidalgo don Xoán Manuel Pereira de Castro, nado en Reborada no século XIX.

Dende Redondela tomamos o Camiño Portugués e o trazado da Vía XIX que coinciden no seu percorrido coa N-550. Chegados a Cesantes, seguimos o trazado da vía XIX que coincide coa EP-2901 e que nos levará ata a igrexa de Santa María do Viso, asociada estreitamente á cultura do viño nesta comarca. A igrexa é un templo barroco construído ao redor do 1575. No Viso celébrase o 3 de febreiro o San Brais, e baixa o carro da burra en compañía dos gaiteros e da comisión de festas repartindo viño e rosquillas polos barrios da parroquia. No adro do templo, ademais dunha colección de 50 tampas de lápidas funerarias, temos un conxunto de elementos etnográficos que renden homenaxe á tradición vitivinícola do lugar. Un carro de vacas con dous bocois de viño apoiado nun peso de lagar e unha lagareta de pedra conforman o conxunto escultórico.

Proseguimos pola EP-2901, trazado da vía romana XIX, para desviarnos á esquerda pola estrada da Peneda ata o alto do Monte da Peneda. Unha parada no noso itinerario para poder gozar das vistas deste fantástico miradoiro natural, a 329 m de altitude, e tamén do rico patrimonio histórico que atesoura: as ruínas dun castro, os alicerces da Fortaleza de Castrizán e a ermida da Nosa Señora da Peneda, a Virxe das Neves, construída entre os séculos XVI-XVII sobre o que sería o patio de armas da antiga fortaleza destruída por Pedro Madruga de Soutomaior.

Gastronomía

As nosas rías ofrecen tamén outros cefalópodos succulentos. Este é o caso do choco, que en Redondela acadou categoría de signo de identidade, por algo se alcumaba os redondeláns como choqueiros. Dise que non hai lugar máis prolífico en chocos que as augas da Ensenada de San Simón, onde é pescado con nasas polos mariñeiros locais para despois, nos múltiples restaurantes da vila, poder degustalos nalgunha das súas formas máis tradicionais —chochos na súa tinta, chocos con arroz, empanada de choco— ou nalgúns dos pratos máis vangardistas que teñen a este cefalópodo como protagonista. Para acompañar estes pratos nada mellor que un tinto da nosa IXP. Se se opta por un branco, podemos facelo cun Godello *100 polas* da adega Reboraina. En maio Redondela celebra a Festa do Choco.



Que visitar?

Entre as alternativas que nos ofrece Redondela podemos citar:

-  Museo Meirande
-  Área arqueolóxica de Monte Penide
-  Miradoiro do Campo da Rata
-  Praia de Cesantes
-  Illa de San Simón
-  Igrexa de Santa María do Viso
-  Monte da Peneda

Interactivo



Organiza a visita

Redondela (vila)
 Coordenadas: 42.282052, -8.608812
 Distancia dende Salcedo:
 17 Km, tempo: 24 min

Adega A Reboraina
 Coordenadas: 42.283590, -8.593977
 Distancia dende a vila de Redondela:
 1.6 Km, tempo: 3 min

Igrexa de Santa M^a do Viso
 Coordenadas: 42.322170, -8.593680
 Distancia dende a adega Reboraina:
 6.2 Km, tempo: 12 min

Monte da Peneda
 Coordenadas: 42.326258, -8.589798
 Distancia dende a igrexa de Santa María do Viso:
 1.7 Km, tempo: 3 min

Sabías que?

Vemos que o noso itinerario enocultural, ademais de viño e cultura, está cheo de sorpresas. Posiblemente pouco poidan imaxinar que en Redondela se conservan dous anacos do desaparecido Muro de Berlín. O bloques orixinais do que foi o símbolo da Guerra Fría están expostos dende o ano 2011 no Paseo de A Xunqueira, fronte ao Multiusos, para sorpresa de visitantes e viaxeiros. Estes pequenos fragmentos da historia recente do mundo foron doados ao concello por Jacinto Suárez



Ruta dos Viños
 OCEÁNICOS

